



La Baracca • Italia www.testoniragazzi.it **VOCES DE PAPEL**

SÁBADO 17/10/09 • 19 H

PÚBLICO: + 3 anos

O señor G. chega a un lugar descoñecido, e a sorpresa de atoparse nun novo ambiente déixao coa boca aberta. Apenas comeza a explorar este extraño lugar, cando o noso protagonista se atopa cun gran panel de papel que está agardando que o abran.

Con abraio, comeza a xogar con aquilo que parece un mundo perfecto. Así, descobre o ceo, o mar, a chuvia, animais etc., e do suspiro inicial pásase a unha interacción sonora entre o protagonista, o público e o mundo de papel en que se atopa.

O espectáculo nace como un proxecto intercultural, unha procura artística para contar a historia do home a través dunha linguaxe universal, unha "non linguaxe", comprensible para todos os nenos, con independencia da súa cultura ou do seu lugar de orixe.

Un relato sen palabras no que o actor comunica só a través de sons vocais e do movemento corporal. O papel, protagonista ao seu carón, é un material simple e eficaz que se converte en medio narrativo, interacciona co actor e déixase manipular para se converter na creación dun mundo novo.

De:
Fabio Galanti
Enrico Montalbani
Dirección:
Enrico Montalbani

Coa colaboración de:



Teatrul Ion Creanga • Rumanía www.teatrulioncreanga.ro **SEMILLAS**

SÁBADO 24/10/09 • 19 H

PÚBLICO: + 3 anos

A terra está chea de sementes.

As sementes convértense en árbores, plantas, follas, flores... mais só se tivermos paciencia e agardarmos.

Cada cousa nace dunha semente... tamén o proxecto teatral. Sementes é un proxecto de T. Ion Creanga de Bucarest, que está sementando o comezo dunha investigación artística dedicada aos nenos de 0 a 3 anos. Este proxecto nace de Small Size, outra pequena semente.

Texto de:
Voicu Hétel
Dirección:
Valeria Frabetti

Coa colaboración de:



La Baracca • Italia www.testoniragazzi.it **EL CUARTITO DE BAÑO**

SÁBADO 14/11/09 • 19 H

PÚBLICO: + 5 anos

A primeira porta é para os cabaleiros, a segunda para as donas. A terceira é a dun cuartito de baño onde se pode xogar con submarinos, onde se pelexar cos tubos de dentífrico e se vestir co papel hixiénico, onde a espuma se transforma en neve ou nube. Un lugar onde os adultos se convirten en nenos.

Unha pura e espontánea historia que non parte de ningunha fonte literaria, mais si probablemente dos estupendos filmes de Stan Laurel e Oliver Hardy.

Con:
Giovanni Boccomino
Luciano Cendou
Dirección:
Bruno Cappagli

Coa colaboración de:



Ruotalibera • Italia **LAS CABRITILLAS Y EL LOBO**

DOMINGO 22/11/09 • 17:30 H

PÚBLICO: + 5 anos

A historia parte dunha fábula popular eslovena: o lobo, a casa, o bosque, o abandono, a proba, o perigo, a astucia, a superación. Despois dun camiño orixinal, non é que se convirta nun lobo bo mais tampouco non é unha fera.

É un lobo neno que ademais de ser agresivo, é tenro, solitario e ten desexos de compañía e de calor.

As cabritas, máis do que os seus afíns os porquiños ou Carrapuchiña Vermella, vibran poeticamente no perigo cunha particular inocencia, que se converte en metáfora dos perigos que corre a infancia. Mais aquí, o lobo case se irmandou con elas.

Texto, idea escénica e dirección:
Tiziana Lucattini
Con:
Rossana Damiani,
Fanny Guinsbourg
Fabio Traversa

Coa colaboración de:



Marie de Jongh • Euskadi **¿POR QUÉ LLORAS MARIE?**

SÁBADO 28/11/09 • 19 H

PÚBLICO: + 5 anos

MEJOR ESPECTÁCULO FETEN 2008

Por que lloras, Marie? trata sobre a relación que se establece entre a dona dunha gardaría e unha empregada cunha nena á que han de coidar.

A nena dálles moito traballo e interfere no seu labor de atender aos demais bebés, ata que pouco a pouco irán descubrindo que é o que necesita a díscola nena.

Por que lloras Marie? é un proxecto teatral dirixido a toda a familia. Combina o traballo actoral coa utilización de marionetas.

É unha obra sen texto interpretada por unha actriz e un actor.

Con:
Ana Meabe
Javier Renobales
Dirección:
Jokin Oregi

Programación:

